



# ANEXO. EPÍGRAFE C.6

## PLAN ALIMENTARIO

ESTRATEGIA DE ANIMACIÓN DA  
PRODUCCIÓN ALIMENTARIA LOCAL E  
COMERCIALIZACIÓN EN CIRCUÍTO  
CORTOS: PLAN ALIMENTARIO (2014-  
2022)

## ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027

### GDR-23 MARIÑAS-BETANZOS



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL  
MARIÑAS-BETANZOS



Xacobeo 21-22



“

A CONTINUACIÓN SE RECOLLE UN RESUMO DO PROXECTO APOIADO POLA FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD NO ANO 2014, BUSCANDO A MELLORA DA BIODIVERSIDADE NO TERRITORIO, ASÍ COMO PROMOVER O CONSUMO RESPONSABLE E O EMPREGO VERDE.

# CONTIDO

A.	Introdución .....	4
B.	Acción 1. Fomento da produción e transformación agroecolóxica .....	5
B.1.	Obxectivo 1. Fomentar o emprendemento agroecolóxico.....	5
	Formación para a iniciación da actividade agroecolóxica.....	5
	Formación e asesoramento técnico - económico para os emprendedores .....	5
	Elaboración dunha guía para a transición e a reconversión ecolóxica.....	5
	Formación de formadores e asesores sobre sistemas alimentarios locais e agricultura ecolóxica.	
	Potenciar o aconsellamento e formación específica.....	6
	Mellorar a dispoñibilidade de semente e plantóns en ecolóxico .....	6
B.2.	Obxectivo 2. Favorecer a mobilidade de terras e o acceso a estruturas produtivas .....	7
	Posta en marcha da Bolsa de Terras da Reserva de Biosfera.....	7
	Dinamización de iniciativas e proxectos piloto para o emprendemento verde nas fincas da bolsa de terras.....	7
B.3.	Obxectivo 3. Fomentar o uso de variedades e razas autóctonas.....	7
	Promover a posta en marcha de proxectos de rexistro de variedades locais comerciais.....	7
B.4.	Obxectivo 4. Mellora da capacidade de transformación das producións locais .....	8
	Formación e asesoramento para a transformación innovadora das producións locais.....	8
	Viveiro para unha industria agroalimentaria.....	8
	Fomento da reutilización de envases e a venda a granel.....	8
C.	Acción 2. Fomento do consumo de alimentos locais .....	9
C.1.	Obxectivo 5. Promover os produtos da Reserva de Biosfera.....	9
	<b>Posta en marcha da Marca de “Produtos da Reserva de Biosfera” .....</b>	<b>9</b>
	Elaboración de guía de produtores - transformadores da Reserva de Biosfera.....	9

Posta en marcha da marca “Establecemento da Reserva de Biosfera” .....	9
Deseño de rutas agroturísticas, asociadas ás industrias agroalimentarias.....	10
Guía gastronómica da reserva de biosfera: libro de receitas e producións de calidade.....	10
Concurso de tapas da Reserva de Biosfera.....	10
C.2.    Obxectivo 6. Dinamizar as canles curtas de comercialización mediante acordos de distribución	
11	
Programa de EcoComedores da Biosfera .....	11
Participación en mercados e feiras locais cos produtos locais.....	11
C.3.    Obxectivo 7. Mellora da loxística de distribución dos produtores locais.....	12
Impulso á creación dun centro de distribución dos produtos .....	12
D.    Acción 3. Mellorar a gobernanza no sistema alimentario local.....	13
D.1.    Obxectivo 8. Eliminar as barreiras políticas obstáculo ao desenvolvemento dun sistema	
alimentario local sostible .....	13
Impulso á compra pública verde dende os concellos .....	13
Recomendacións de como mellorar a sostibilidade do sistema alimentario local desde as políticas	
locais .....	13
Inclusión das recomendacións do plan alimentario na Candidatura Leader 2014-2020 e noutras liñas	
de financiamento.....	13
D.2.    Obxectivo 9. Fortalecer o asociacionismo e cooperativismo no sistema alimentario local .....	14
Formación, asesoramento e apoio para a creación de entidades para mellorar as condicións de	
acceso ao mercado e aforrar custes.....	14
E.    Acción 4. Concienciación da sociedade sobre os beneficios dos sistemas alimentarios locais....	15
E.1.    Obxectivo 10. Divulgar os beneficios dos sistemas alimentarios locais .....	15
Xornadas divulgativas sobre produción ecolóxica, consumo de proximidade, soberanía alimentaria,	
saúde e medio ambiente .....	15
Organización e participación en congresos e cursos de verán .....	16
Guía de boas prácticas – recomendacións para fomentar os sistemas alimentarios locais.....	16
Divulgación na páxina web e as redes sociais da Reserva de Biosfera .....	16
E.2.    Obxectivo 11. Promover a participación cidadá na preservación da biodiversidade agraria e a	
produción ecolóxica .....	17
Colaboración e dinamización de proxectos de hortas urbanas con fins sociais .....	17
F.    Acción 5. Reforzar a innovación no sistema alimentario local.....	18

F.1. Obxectivo 12. Posta en marcha de proxectos de innovación e colaboración entre axentes, centros de investigación e institucións locais e territoriais. .... 18

    Participación dos axentes do sistema alimentario local nas mesas temáticas creadas para dar resposta a temas concretos ..... 18

    Favorecer a participación da Reserva de Biosfera xunto con outros axentes en proxectos de cooperación europeos ou nacionais sobre sistemas alimentarios locais e emprendemento agrario ..... 18

G. Análise e aprendizaxes do Plan Alimentario ..... 20

## A. INTRODUCCIÓN

A Asociación Mariñas-Betanzos decidiu elaborar un Plan Alimentario para o territorio e cunha visión a longo prazo, que permitira recuperar a produción agraria local. Este deseño do plan foi financiado pola *Fundación Biodiversidad* no ano 2014 e pola medida Leader (Animación), buscando a mellora da biodiversidade no territorio, así como promover o consumo responsable e o emprego verde.

O territorio da Reserva de Biosfera, considerado historicamente como a horta da cidade da Coruña, conta cun enorme potencial de produción agraria o que representa unha oportunidade para o desenvolvemento socioeconómico do territorio e a creación de emprego.

O proxecto pretendía, co apoio da *Fundación Biodiversidad* e do Programa LEADER, o desenvolvemento dunha Estratexia alimentaria na Reserva que estimulara a produción, transformación e consumo de produtos locais, coa posibilidade da súa posta en valor a través da Marca de Calidade “Reserva da Biosfera” que axude a desenvolver os circuítos curtos como estratexia de comercialización.

A posta en marcha dun Plan Alimentario Local na Reserva da Biosfera, contribuíu a potenciar outras liñas de acción, como o fomento do emprendemento “verde”, a mobilidade de terras, a produción ecolóxica, a recuperación de variedades autóctonas, a loita fronte ao cambio climático, a conservación da paisaxe ou o consumo responsable e sostible.

Para a elaboración do Plan Alimentario 2014-2022 constituíuse durante o ano 2015 unha Comisión Técnica formada por representantes dos axentes do sistema alimentario no territorio da Reserva para fixar metas e deseñar liñas de acción que contribuíran a impulsar o emprego verde asociado á produción, transformación e consumo de produtos alimentarios locais.



Se programaron e desenvolveron distintas actuacións, cos resultados seguintes que se detallan nas seguintes páxinas, organizadas segundo distintos obxectivos fixados.

## B. ACCIÓN 1. FOMENTO DA PRODUCCIÓN E TRANSFORMACIÓN AGROECOLÓXICA

### B.1. OBXECTIVO 1. FOMENTAR O EMPRENDEMENTO AGROECOLÓXICO

#### FORMACIÓN PARA A INICIACIÓN DA ACTIVIDADE AGROECOLÓXICA

Incorporación de mocidade emprendedora á actividade agraria: dende o ano 2014 ata o ano 2019, deuse formación a máis de 400 persoas desempregadas, fundamentalmente xente nova e mulleres, o que permitiu a incorporación de 130 persoas ao mercado laboral mediante iniciativas emprendedoras. O número de persoas que se incorporaron á agricultura foi de 5.



#### FORMACIÓN E ASESORAMENTO TÉCNICO - ECONÓMICO PARA OS EMPRENDEDORES

Dende o ano 2014 ata a actualidade, realizáronse ao redor de 56 actividades formativas relacionadas coa práctica agraria (seminarios, cursos, obradoiros, xornadas), nas que participaron máis de 1.525 persoas.

Dende o ano 2014 prestouse asesoramento técnico a máis de 55 explotacións agrarias.



#### ELABORACIÓN DUNHA GUÍA PARA A TRANSICIÓN E A RECONVERSIÓN ECOLÓXICA

Entre os anos 2011 e 2013, Mariñas-Betanzos participou como socio no proxecto de Cooperación “Novos Horizontes”, xunto a outros 12 GDR de Galicia e Asturias.

No marco deste proxecto elaborouse, entre outros documentos, a “Guía de cultivos hortícolas e agricultura ecolóxica”.

## FORMACIÓN DE FORMADORES E ASESORES SOBRE SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS E AGRICULTURA ECOLÓXICA. POTENCIAR O ACONSELLAMENTO E FORMACIÓN ESPECÍFICA

Obtención por parte de dúas persoas do equipo técnico da Asociación Mariñas-Betanzos do certificado CECRA (Desenvolvemento de Competencias para os Aseores Rurais).

Por outra parte, na convocatoria 2016 de proxectos da Asociación Europea de Innovación, desde Mariñas-Betanzos deseñouse e promoveuse a presentación do proxecto “Definición de estratexias para o incremento da competitividade da produción de horta en ecolóxico”, dirixido á mellora do sistema produtivo na xestión das explotacións en ecolóxico para identificar os puntos críticos a mellorar e establecer un plan de acción necesario para incrementar a produtividade e a xestión integrada que permita relanzar este sector produtivo, satisfacendo a demanda existente e dando aos agricultores unha alternativa rendible á agricultura tradicional. Dito proxecto finalmente non foi concedido.

### MELLORAR A DISPOÑIBILIDADE DE SEMENTE E PLANTÓN EN ECOLÓXICO

Entre os traballos desenvolvidos polo proxecto de cooperación “Novos Horizontes” (período de execución 2011 a 2013) apoiouse a replicación e reparto de sementes e plantas de cultivos autóctonos entre os produtores identificados, contemplándose a agricultura ecolóxica como unha das súas variantes.

Este reparto tamén permitiu que unha empresa da zona produtora de plantón, incorporase na súa oferta de planta hortícola varias das que se transferiron desde o proxecto Nuevos Horizontes.

Tamén, na convocatoria 2016 de proxectos da Asociación Europea de Innovación, desde Mariñas-Betanzos deseñouse e promoveuse a presentación do proxecto “Mellora do tomate autóctono Negro de Santiago para a produción ecolóxica e cunha orientación comercial axustada ás novas demandas do consumidor actual e da gastronomía”. Tralo inicio de colaboración coa posta a disposición de 720 plantas de Tomate Negro de Santiago entre 3 explotacións colaboradoras, o proxecto non puido continuar por falta de financiamento.



## B.2.OBXECTIVO 2. FAVORECER A MOBILIDADE DE TERRAS E O ACCESO A ESTRUTURAS PRODUTIVAS

### POSTA EN MARCHA DA BOLSA DE TERRAS DA RESERVA DE BIOSFERA

Bolsa de terras con visor web: 35 parcelas ofertadas na bolsa de terras da Reserva de Biosfera, que suman unha superficie de 197 hectáreas, chegando a 5 acordos de arrendamento.

### DINAMIZACIÓN DE INICIATIVAS E PROXECTOS PILOTO PARA O EMPRENDEMENTO VERDE NAS FINCAS DA BOLSA DE TERRAS

A través do viveiro de emprendemento hortícola emprazado nunha das parcelas cedida á bolsa de terras, 4 proxectos emprendedores tiveron ocasión de poder iniciar a súa actividade apoiados por unhas instalacións que permitiron reducir ao mínimo a inversión necesaria de cara a acometer plans de empresa minimizando o limiar de incerteza. Este Viveiro de emprendemento continúa funcionando no Concello de Oleiros.



## B.3.OBXECTIVO 3. FOMENTAR O USO DE VARIETADES E RAZAS AUTÓCTONAS

### PROMOVER A POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS DE REXISTRO DE VARIETADES LOCAIS COMERCIAIS

Ensaíáronse en campo ao redor de 40 variedades locais conservadas en bancos de sementes de Centros Públicos de Investigación, sendo actualmente utilizadas polos agricultores 10 delas.

Promoción da Indicación Xeográfica Protexida “Viño da Terra de Betanzos”, polo elevado potencial vitivinícola da variedade autóctona “Branco Lexítimo”.

## B.4. OBYECTIVO 4. MELLORA DA CAPACIDADE DE TRANSFORMACIÓN DAS PRODUCCIÓNS LOCAIS

### FORMACIÓN E ASESORAMENTO PARA A TRANSFORMACIÓN INNOVADORA DAS PRODUCCIÓNS LOCAIS

Dende o ano 2014 ata a actualidade, deuse formación sobre a transformación agroalimentaria e a agroindustria a máis de 60 persoas. A través dos programas de emprendemento levados a cabo dende a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo consolidáronse 3 explotacións de horta ecolóxica e 2 empresas de transformación agroalimentaria.

### VIVEIRO PARA UNHA INDUSTRIA AGROALIMENTARIA

Creación dun Viveiro de transformación agroindustrial, dirixido a persoas que se inician na actividade agroindustrial: acondicionamento dunha nave de 268 m<sup>2</sup> para a súa cesión a iniciativas innovadoras. Este proxecto continúa en funcionamento en Oleiros, nunha nave cedida polo concello.



### FOMENTO DA REUTILIZACIÓN DE ENVASES E A VENDA A GRANDEL

Elaboráronse envases fabricados con polpa de cana de azucre para favorecer a adaptación á COVID-19 do sector da restauración asociados á marca de calidade da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Analizouse o deseño e sustentabilidade dos distintos tipos de envases en 26 empresas adheridas á Marca de Calidade da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Identificáronse posibles melloras na sustentabilidade dos materiais utilizados, propoñendo alternativas que permitan unha maior incorporación a procesos de economía circular.



## C. ACCIÓN 2. FOMENTO DO CONSUMO DE ALIMENTOS LOCAIS

### C.1. OBXECTIVO 5. PROMOVER OS PRODUTOS DA RESERVA DE BIOSFERA

#### POSTA EN MARCHA DA MARCA DE “PRODUTOS DA RESERVA DE BIOSFERA”

Creuse unha Marca de Calidade da Reserva de Biosfera. Actualmente, están en funcionamento os pregos de horta, viños, lácteos, plantas aromáticas e transformados vexetais; estando en fase de implantación cervexa artesá, mel, lúpulo e pan.

Na actualidade hai 33 empresas adheridas á Marca de Calidade da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e 7 empresas adheridas á Marca de Reservas de Biosfera Españolas, promovida dende a Secretaría do MaB en España, co obxectivo fixado no Plan de Acción de Lima. Destas empresas, 21 son de horta, 6 de viños, 2 de lácteos, 2 de plantas aromáticas e 2 de marmeladas e transformados vexetais.

Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo foi a primeira Reserva de Biosfera mundial en contar cunha certificación nacional de produtos de Reservas de Biosfera.



#### ELABORACIÓN DE GUÍA DE PRODUCTORES - TRANSFORMADORES DA RESERVA DE BIOSFERA

Elaboración e actualización continua da “Guía agroalimentaria da Reserva de Biosfera”, con 34 empresas incluídas.

[https://turismo.marinabetanzos.gal/wp-content/uploads/2022/02/Guia\\_alimentaria\\_2022.pdf](https://turismo.marinabetanzos.gal/wp-content/uploads/2022/02/Guia_alimentaria_2022.pdf)

#### POSTA EN MARCHA DA MARCA “ESTABLECEMENTO DA RESERVA DE BIOSFERA”

A través dun único proceso, os “Establecementos da Reserva de Biosfera” conseguen tres certificacións: Marca de Calidade Reserva de Biosfera, Club de Ecoturismo de España e Sistema Integral de Calidade Turística. Na actualidade hai 23 “Restaurantes da Biosfera” e 10 “Aloxamentos da Biosfera”.

Elaboración da “Guía para comer ben e durmir mellor”, con 23 restaurantes e 10 aloxamentos incluídos.

[https://turismo.marinabetanzos.gal/wp-content/uploads/2022/02/Folleto\\_Rest\\_Alox\\_Biosfera.pdf](https://turismo.marinabetanzos.gal/wp-content/uploads/2022/02/Folleto_Rest_Alox_Biosfera.pdf)



## DESEÑO DE RUTAS AGROTURÍSTICAS, ASOCIADAS ÁS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

Na actualidade hai 4 experiencias de ecoturismo asociadas ás industrias agroalimentarias: Ruta da Auga, Ruta agroalimentaria, Eco-Ruta Mandeo-Orballo e Experiencia Náutica.



## GUÍA GASTRONÓMICA DA RESERVA DE BIOSFERA: LIBRO DE RECEITAS E PRODUCCIÓN DE CALIDADE

Elaboración da “Guía de Produtos de Excelencia da Reserva de Biosfera”, con 31 empresas agroalimentarias incluídas e 53 produtos: verduras e froitas, viños, lácteos, aromáticas, marmeladas e conservas e lúpulo.

<https://turismo.marinabetanzos.gal/wp-content/uploads/2022/02/Guia-Excelencias-da-Reserva-de-Biosfera.pdf>

Elaboración do libro de “Receitas da Biosfera”, con 9 receitas incluídas e 9 restaurantes participantes.

<https://turismo.marinabetanzos.gal/wp-content/uploads/2020/12/Recetario-Reserva-Biosfera.pdf>

## CONCURSO DE TAPAS DA RESERVA DE BIOSFERA

Non se ten realizado a nivel de todo o territorio da Reserva de Biosfera, pero si nalgún concello no seu ámbito territorial (Betanzos, Cambre).

## C.2. OBXECTIVO 6. DINAMIZAR AS CANLES CURTAS DE COMERCIALIZACIÓN MEDIANTE ACORDOS DE DISTRIBUCIÓN

### PROGRAMA DE ECOCOMEDORES DA BIOSFERA

Na actualidade, na iniciativa de EcoComedores da Biosfera participan 10 centros escolares, dos cales 5 centros fan pedidos regularmente. Tamén se incorporaron 3 comedores colectivos dunha empresa multinacional, comprometida co consumo de produto ecolóxico, local e de tempada. O número total de comensais abastecidos diariamente é de 6.150 aproximadamente. Son 9 produtores certificados en ecolóxico os que subministran os alimentos, utilizando unha superficie de produción de 1,36 hectáreas baixo cuberta e 27,1 hectáreas ao aire libre. Pídense unha media de 744 kg por semana, o que corresponde a un 67% con respecto do total ofertado.

### PARTICIPACIÓN EN MERCADOS E FEIRAS LOCAIS COS PRODUTOS LOCAIS

Dende o ano 2014, a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo participa en 6 mercados locais que se desenvolven anualmente nos concellos da Reserva de Biosfera, por onde pasan máis de 20.000 persoas: Mostra de Viños e Produtos das Mariñas, Mostra de Branco Lexítimo, Festa do Pan de Carral, Feira da Cebola Chata de Miño, Feira Agroalimentaria de Abegondo e Maridar: encontro de produtores do mar e da terra. Tamén participa nas Xornadas Gastronómicas “Territorio Atlántico”.



Por outra banda, da man da Reserva de Biosfera os produtos locais tamén tiveron a ocasión de achegarse a eventos de carácter nacional, como o Fórum Gastronómico na Coruña 2019, Madrid Fusión 2019, Saborea España 2019 ou Biocultura Coruña 2022.



### **C.3. OBXECTIVO 7. MELLORA DA LOXÍSTICA DE DISTRIBUCIÓN DOS PRODUTORES LOCAIS**

#### **IMPULSO Á CREACIÓN DUN CENTRO DE DISTRIBUCIÓN DOS PRODUTOS**

Realizouse unha proba piloto de comercialización e distribución conxunta de maio a xullo de 2022 e de setembro ao mes actual, dentro do programa de EcoComedores da Biosfera.

Crease unha central de compras virtual a través da aplicación “Plant on demand”, dirixida á concentración do produto ecolóxico para facilitar a compra dende os comedores escolares e colectivos de empresa. Os produtores soben os seus produtos e actualizan o seu stock semanalmente e o consumidor fai unha compra única a varios produtores. Unha empresa profesional de transporte recolle todos os pedidos nas explotacións e repárteos nos comedores. Na actualidade participan 9 empresas agroalimentarias certificadas en ecolóxico.

Está pendente de realizar a análise da creación dun centro de provisión local.

## **D. ACCIÓN 3. MELLORAR A GOBERNANZA NO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL**

### **D.1. OBXECTIVO 8. ELIMINAR AS BARREIRAS POLÍTICAS OBSTÁCULO AO DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL SOSTIBLE**

#### **IMPULSO Á COMPRA PÚBLICA VERDE DENDE OS CONCELLOS**

Dende algúns concellos da Reserva de Biosfera xa se contemplan os produtos locais como preferentes á hora de organización de eventos gastronómicos ou degustacións e cafés institucionais celebrados en eventos.

En segundo termo, no marco do proxecto EcoComedores da Reserva de Biosfera se teñen valorado dinámicas para a introdución nos pregos de contratación e nas normativas de concesión de escolas infantís municipais para a valoración positiva na orixe de proximidade dos alimentos empregados nas súas cociñas.

No ano 2023 está previsto contratar unha Asistencia técnica para desenvolver unhas ordenanzas orientativas comúns para animar a compra pública verde.

#### **RECOMENDACIÓNS DE COMO MELLORAR A SOSTIBILIDADE DO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL DESDE AS POLÍTICAS LOCAIS**

Na Xunta Directiva da Asociación Mariñas-Betanzos están integrados directamente varios dos Concellos da Reserva de Biosfera, transmitíndolles igualmente ao resto de municipios as iniciativas vinculadas a sistemas alimentarios locais desenvolvidas. Deste xeito, os traballos e proxectos levados achéganse igualmente ás políticas locais.

#### **INCLUSIÓN DAS RECOMENDACIÓNS DO PLAN ALIMENTARIO NA CANDIDATURA LEADER 2014-2020 E NOUTRAS LIÑAS DE FINANCIAMENTO**

Os 6 obxectivos da Candidatura Leader 2014-2022 gardan relación coas recomendacións do Plan Alimentario. Dende o ano 2017, concedéronse axudas a 13 proxectos relacionados co sector agroalimentario, que consolidaron 44 empregos e crearon 16,5 novos empregos.

## **D.2. OBXECTIVO 9. FORTALECER O ASOCIACIONISMO E COOPERATIVISMO NO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL**

### **FORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO PARA A CREACIÓN DE ENTIDADES PARA MELLORAR AS CONDICIÓN DE ACCESO AO MERCADO E AFORRAR CUSTES**

No ano 2016 agrupáronse 8 empresas agroalimentarias certificadas en ecolóxico para a comercialización e distribución conxunta a centros escolares e no ano 2017 formouse ALEGA (Asociación de Labregos Ecolóxicos de Galicia) con 4 empresas participantes. No ano 2021, esta asociación disolveuse e, na actualidade, un grupo de 9 produtores/as que participa no proxecto de EcoComedores da Biosfera está iniciando un novo proceso de estruturación, establecendo as bases e normas de funcionamento do grupo, o modelo de gobernanza e a folla de ruta.

## E. ACCIÓN 4. CONCIENCIACIÓN DA SOCIEDADE SOBRE OS BENEFICIOS DOS SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS

### E.1. OBXECTIVO 10. DIVULGAR OS BENEFICIOS DOS SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS

#### XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE PRODUCCIÓN ECOLÓXICA, CONSUMO DE PROXIMIDADE, SOBERANÍA ALIMENTARIA, SAÚDE E MEDIO AMBIENTE

Dentro do programa de “EcoComedores da Biosfera”, financiado pola Fundación Carasso e a Medida Leader 2014-2020, nos anos 2021 e 2022 realizáronse 8 xornadas divulgativas sobre o proxecto, nas que participaron ao redor de 345 persoas.



Dentro do programa de “Educando na Biosfera”, dende o ano 2019 realizáronse 51 actividades relacionadas cos sistemas alimentarios locais, nas que participaron 1.049 alumnos/as.



## ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS E CURSOS DE VERÁN

Desde o 2021 ata o momento actual e, en relación co programa de “EcoComedores da Biosfera”, participouse en 6 cursos e congresos.

## GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS — RECOMENDACIÓNS PARA FOMENTAR OS SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS

Elaboración da “Guía para comidas saudables e sostibles en familia”, dentro do programa de “EcoComedores da Biosfera”.

[https://turismo.marinabetanzos.gal/wp-content/uploads/2022/02/Guia\\_Comidas\\_Saudables\\_Sostibles.pdf](https://turismo.marinabetanzos.gal/wp-content/uploads/2022/02/Guia_Comidas_Saudables_Sostibles.pdf)

## DIVULGACIÓN NA PÁXINA WEB E AS REDES SOCIAIS DA RESERVA DE BIOSFERA

Presenza do Plan Alimentario na web da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo:

<https://www.marinabetanzos.gal/proyectos/plan-alimentario-2014-2020>

Ás empresas adheridas á Marca de Calidade Reserva de Biosfera e Terras do Mandeo entregóuselle diverso material promocional ao longo dos anos: bolsas reutilizables, bolsas de papel, dípticos, etiquetas e placas distintivas.

Presenza do programa de “EcoComedores da Biosfera” na web da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, onde se poden descargar e visualizar os diferentes materias de divulgación elaborados:

<https://www.marinabetanzos.gal/proyectos/eco-comedores-biosfera>

Elaboración de diferentes publicacións e materiais de sensibilización: trípticos divulgativos do programa de EcoComedores da Biosfera, pósters do Prato de Harvard e do Calendario de Temporada, bolsas reutilizables de algodón orgánico, roll-up e vídeos de difusión do proxecto.

Divulgación dos contidos a través das redes sociais da Reserva de Biosfera: Facebook, Instagram e Twitter.

A UNESCO recoñeceu á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo co premio Michel Batisse, a principal distinción a nivel mundial polo seu Plan Alimentario, seleccionado pola súa aportación á xeración de emprego, á promoción da biodiversidade e á loita contra o cambio climático.

O II Premio Experiencias Innovadoras do Programa sociedade e Áreas Protexidas de Europarc-España concedeu unha mención especial no apartado de Cambio Climático ao Plan Alimentario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. O galardón distinguiuno como unha ferramenta para a creación de emprego local, o fomento da biodiversidade agraria e a mitigación do cambio climático.

## **E.2. OBXECTIVO 11. PROMOVER A PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA PRESERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE AGRARIA E A PRODUCCIÓN ECOLÓXICA**

### **COLABORACIÓN E DINAMIZACIÓN DE PROXECTOS DE HORTAS URBANAS CON FINS SOCIAIS**

Creáronse 7 hortos en 7 centros escolares, pertencentes a 4 concellos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Tamén se creou 1 horto no Xardín Botánico Ría do Burgo, en Culleredo, coa participación dos centros escolares do concello.



## F. ACCIÓN 5. REFORZAR A INNOVACIÓN NO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL

### F.1. OBOXECTIVO 12. POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN E COLABORACIÓN ENTRE AXENTES, CENTROS DE INVESTIGACIÓN E INSTITUCIÓNS LOCAIS E TERRITORIAIS.

#### PARTICIPACIÓN DOS AXENTES DO SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL NAS MESAS TEMÁTICAS CREADAS PARA DAR RESPONSA A TEMAS CONCRETOS

Durante a elaboración do Plan Alimentario, implicáronse máis de 40 axentes representativos do sector agroalimentario, realizáronse 3 reunións de Comisión Técnica e 3 reunións de Mesas Temáticas, onde se destaca a colaboración activa dos axentes relevantes do territorio.

Creación de 3 Grupos Operativos de Innovación para a execución de 3 proxectos: “Redución do uso de antibióticos en porcino”, “Mellora nas aplicacións de xurro” e “Mellora na xestión de terras”.



#### FAVORECER A PARTICIPACIÓN DA RESERVA DE BIOSFERA XUNTO CON OUTROS AXENTES EN PROXECTOS DE COOPERACIÓN EUROPEOS OU NACIONAIS SOBRE SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCAIS E EMPRENDEMENTO AGRARIO

Durante a elaboración do Plan Alimentario, implicáronse máis de 40 axentes representativos do sector agroalimentario, realizáronse 3 reunións de Comisión Técnica e 3 reunións de Mesas Temáticas, onde se destaca a colaboración activa dos axentes relevantes do territorio.

Execución de 2 proxectos de cooperación con outros Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, relacionados cos sistemas alimentarios locais e emprendemento agrario: “Alimentos da Biosfera” e “Dinamización e promoción IXP Viños de Galicia”.



Elaboración da Infraestrutura Verde da Área Metropolitana da Coruña, en conxunto co Instituto de Estudos do Territorio (Xunta de Galicia), a Fundación Juana de Vega e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG).

## G. ANÁLISE E APRENDIZAXES DO PLAN ALIMENTARIO

O Plan Alimentario ten sido sen dúbida o proxecto “estrela” dos últimos 10 anos, que ten permitido estruturar todas as actuacións conectadas co medio rural, como a produción alimentaria, a mellora da biodiversidade, a mitigación do Cambio Climático e a conexión co eco-turismo.

Se ten avanzado en moitas áreas e se teñen identificado novos retos para seguir construíndo ata o ano 2030, concretamente en:

1. Recuperación de terras para a produción agroecolóxica.
2. Apoiar a produtores ecolóxicos e animar á conversión, fundamentalmente con actuacións formativas e de aconsellamento.
3. Incentivar o incremento da produción agroecolóxica, buscando multiplicar por 4 a superficie e produción.
4. Fortalecer a comercialización no circuíto curto, animando a colaboración e as alianzas con outros organismos públicos e entidades privadas que compartan estes obxectivos.
5. Incorporar novos entrantes no sector agroecolóxico, especialmente xovenes e mulleres.
6. Fomentar a innovación e dixitalización.
7. Mellorar a comunicación cos consumidores e a información.
8. Mellorar aspectos ambientais da produción: biodiversidade, fixación CO<sub>2</sub> no solo, etc.
9. Fortalecer colaboracións con escolas e con outros comedores colectivos.
10. Aproveitar as vantaxes da colaboración entre GDRs para incrementar o impacto no territorio galego.

**DIRECCIÓN**

Asociación Mariñas-Betanzos.  
Antiga Cámara Agraria. San Marcos, s/n.  
15318 Abegondo (A Coruña).

**CONTACTO**

info@marinasbetanzos.gal  
981 669 541

[HTTPS://WWW.MARINASBETANZOS.GAL](https://www.marinasbetanzos.gal)